

LOIS DIÉGUEZ

Nas horas do noso agradecemento, cada día, pensamos nas persoas que luíron o seu traballo con sentido colectivo e foron cultivando as rosas nun horto multicolor. Loamos a tarefa, a valía, o arraigamento nunha patria negada cada día polos que, na outra beira, tocan con insistencia trompetas imperiais. Está aquí, nesta tarde, o noso home, Francisco Carballo, o da Historia, o da forza, o da voz coral sempre galega. No seu día, cando foi xulgado por contar o que de verdade acontecera en 1975 con Moncho Reboiras, cantámolo e sentamos con el no banquiño represivo. Todas as Agrupacións Culturais, daquela —cando a solidariedade era lección gozosamente compartida—, o aclamaron. Despois, seguiu a facer o seu-noso camiño. Un treito grande modelouno para mudar o desenrraigamento da igrexa de Galiza, a súa obsesión españolaizadora. Puido ser Príncipe, mais preferiu ficar no campo dos humildes. Naceron voces que o aplaudiron e aí continúan, fronte ás campás que insisten nos toques do pasado. Francisco, pois, é o Carballo da nosa devesa colectiva. Os anos de sabedoría agrandaron a súa voz, o seu corazón, a man amiga. Con xente coma el sentimos sempre a satisfacción de nos reafirmar galegos. Grazas, meu vello compañeiro. Chin-chin. ♦